

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA CONCELLO PLENO SESIÓN EXTRAORDINARIA

EXPEDIENTE: 2023/G003/000982

De conformidade co disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais:

Dentro dos trinta días seguintes ó da sesión constitutiva, o alcalde convocará a sesión ou sesións extraordinarias do Pleno da Corporación que sexan precisas, a fin de resolver sobre os seguintes puntos:

- a) periodicidade de sesións do Pleno.
- b) creación e composición das Comisións informativas permanentes.
- c) nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados, que sexan da competencia do Pleno.
- d) coñecemento das resolucións do alcalde en materia de nomeamentos de tenentes de alcalde, membros da Xunta de Goberno Local, se debe existir, e Presidentes das Comisións informativas, así como das delegacións que a alcaldía estime oportuno conferir.

Así como os demais asuntos segundo a normativa concordante.

Dende hoxe ten á súa disposición na secretaría xeral os antecedentes de que dispoña esta funcionaria relacionados cos asuntos que figuran na orde do día.

RESOLVO

Primeiro.- Convocar a **SESIÓN EXTRAORDINARIA do CONCELLO PLENO** o día **13 DE XULLO DE 2023 (XOVES)**, ás **21:00 horas (nove da noite)**, en primeira convocatoria, a celebrar no **SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO**, coa seguinte

ORDE DO DÍA

Nº	ASUNTO/S
1	APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES: - EXTRAORDINARIA: núm. 2023/8, do 14 de xuño de 2023 - CONSTITUTIVA: núm. 2023/9, do 17 de xuño de 2023 - EXTRAORDINARIA: núm. 2023/10, do 26 de xuño de 2023 A/s acta/s incluída/s no presente punto para a súa aprobación será/n achegada/s xunto coa presente convocatoria.
2	DAR CONTA E TOMA COÑECEMENTO DO PLENO DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS. ASUNTO: TOMA COÑECEMENTO DA CONSTITUCIÓN GRUPOS POLÍTICOS E DA DESIGNACIÓN DOS SEUS INTEGRANTES E VOCEIROS
3	TOMA COÑECEMENTO DAS SEGUINTE RESOLUCIÓN S DA ALCALDÍA : A) DECRETO NÚM. 899/2023 DO 26/06/2023. ASUNTO: DESIGNACIÓN MEMBROS QUE INTEGRAN A XUNTA DE GOBERNO LOCAL B) DECRETO NÚM. 902/2023 DO 26/06/2023. ASUNTO: NOMEAMENTO DOS TENENTES DE ALCALDE

	C) DECRETO NUM. 903/2023 DO 26/06/2023. ASUNTO: DELEGACIÓN EJERCICIO DE ATRIBUCIÓN XENÉRICAS EN CONCELEIROS/AS
4	PROPOSTA DO ALCALDE AO PLENO. ASUNTO: A FIXACIÓN DA PERIODICIDADE DE SESIÓNS PLENARIAS
5	PROPOSTA DO ALCALDE AO PLENO. ASUNTO: A CREACIÓN, A COMPOSICIÓN E O RÉXIME DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES
6	PROPOSTA DO ALCALDE AO PLENO. ASUNTO: O NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS DE COMPETENCIA DO PLENO.
7	PROPOSTA DO ALCALDE AO PLENO. ASUNTO: A DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓN DO PLENO NO ALCALDE
8	PROPOSTA DO ALCALDE AO PLENO. ASUNTO: O RÉXIME DE RETRIBUCIÓN, AS INDEMNIZACIÓNS E AS ASISTENCIAS AOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

Segundo.- Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Corporación municipal, que deseguido se relacionan, quedando notificado/s coa sinatura/remisión do presente escrito:

NOME E APELIDOS	GRUPO POLÍTICO	TIPO NOTIFICACIÓN
ALBERTO ROMAR LANDEIRA	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
NOELIA BALEATO TOJA	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PATRICIA VAL ANTELO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
ESTEFANÍA CALVELO MUÑOZ	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PABLO NEGREIRA SOUTO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
CARLOS TURNES ROMERO	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
MARÍA SALOMÉ BUSTELO LÓPEZ	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
MARÍA JOSEFA POSE RODRÍGUEZ	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL

JUAN JOSÉ LÓPEZ MUÑOZ	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
JOSEFA MARÍA CALVO VILAR	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
SILVIA CANCELA BLANCO	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
FERNANDO BAÑA DOMÍNGUEZ	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
ANDY GARCÍA PEREIRA	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL

Esta resolución notificarase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

O alcalde

Alberto Romar Landeira

Dou fe. A secretaria xeral

Cristina Alonso Losada